



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Cidrás Piñe, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Membieta Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Cruces Colado, Susana
Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Iglesias Antelo, Beatriz
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Muñoz López, Luis
Ortiz Torres, Luis
Pereira Domínguez, Alejandro
Pérez Losada, Fermín E.
Sueiro Justel, Joaquín
PDI-A
Barcia Rodríguez, Ignacio
González Vázquez, Encarnación
Legido Soto, José Luis
Liz Marzán, Luis Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
PDI-B

Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Martínez Insua, Ana Elina

ESTUDANTES

Araujo Otero, Uxía
Fariñas Valiña, Iago
Méndez Franco, Óscar

PAS:

Bernal Gómez, Rosa
CONSELLO SOCIAL:
Pérez Mato, Federico

DESCULPAN ASISTENCIA

Castejón García, Margarita
Lago Teijeiro, Xan

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 28 de abril de dous mil oito, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O luns, día **28 de abril de 2008**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 05 de marzo de 2008.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación se procede, da modificación das normas de xestión académica.
4. Aprobación, se procede, das prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.
5. Aprobación, se procede da proposta de calendario escolar de primeiro e segundo ciclo para o curso académico 2008/2009.
6. Aprobación, se procede da proposta de calendario escolar de estudos oficiais de grao e posgrao para o curso académico 2008/2009.
7. Aprobación, se procede, das propostas de títulos de grao coa adscrición ao centro ou centros da Universidade e composición das xuntas de titulacións.
8. Aprobación, se procede, da Memoria 2007 da Oficina de I+D.
9. Proposta de nomeamento de David Casado Neira como Delegado da Universidade de Vigo na E.U. de Enfermería de Ourense.
10. Aprobación, se procede, da designación de representantes da Universidade no Consello de Administración de Cidade Universitaria, S.A.

11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Análise e Intervención Psicoeducativa.
12. Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o curso académico 2008-2009.
13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Coruña

para o desenvolvemento dun proxecto de información e difusión académica destinado ás colectividades de galegos residentes no exterior – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia – Convenio de colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica, a Asociación Impulsora do Plan Ferrol, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o fomento da creatividade aplicada – Convenio de colaboración coa Universidade Complutense de Madrid para acceder as convocatorias do Real Colexio Complutense – Acordo de colaboración coas universidades de Oviedo, Illes Balears, Alacante, Girona, Rovira y Virgili, Zaragoza, La Laguna, Sevilla, Málaga, Santiago de Compostela, A Coruña, Barcelona e Valencia para constituír una rede universitaria para a cooperación no proceso de adaptación ao espazo europeo de educación superior no ámbito dos estudos oficiais de posgrao – Convenio específico de colaboración co Instituto Profesional La Araucana (Chile) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración coa Escola de Administración e Mercadotecnia-EAM (Colombia) – Acordo Institucional de Cooperación co Instituto Tecnolóxico e de Estudos Superiores de Monterrey (México) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Tecnolóxica de Honduras.

14. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (1 estudante e 1 membro do Consello Social), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 membro do Consello Social), Comisión de Organización Académica e Profesorado (1 membro do Consello Social) e Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (1 membro do Consello Social)*.
15. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 05 de marzo de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

En primeiro lugar o reitor da a benvida aos representantes do Consello Social neste Consello de Goberno:

- Dna. Laura López Atrio. Concello de Vigo.
- Dna. Margarita Castejón García. Concello de Pontevedra.
- D. Federico Pérez Mato. Concello de Ourense.

Seguidamente, informa de que na estrutura do novo goberno, as competencias de universidades foron transferidas ao novo Ministerio de Ciencia e Innovación, xunto coa correspondente Secretaría de Estado, e que polo momento nada se sabe, polo de agora, sobre

as intencións do novo equipo, nin hai xuntanza algunha convocada para coñecer as súas liñas principais de traballo coas universidades. Estase á agarda en todos os sentidos, tamén, polo tanto, no asunto pendente e urxente das directrices específicas para os novos títulos de enxeñaría, o que, como se comprobará máis tarde, condiciona o ritmo de transformación da actual oferta de títulos.

En segundo lugar, fai partícipes aos membros do Consello de Goberno da situación actual e do calendario previsto para resolver o concurso de cidades-sede á Universiada 2013, concurso ao que se presenta a cidade de Vigo en candidatura compartida coa nosa universidade.

Por último, informa da incorporación das dúas persoas que faltaban para completar o Equipo de Xerencia. Trátase de :

- Dna. Ana Comesaña Álvarez : vicexerenta de Persoal
- Dna. Yolanda García Ulla : vicexerenta de Tecnoloxías da Información e Comunicación .

O Prof. Sueiro fai varias preguntas sobre a Universiada: como é a organización, quen forma parte do grupo de traballo, se é necesario pagar 20 millóns de euros de taxas en caso de ser elixidos, quen pagaría eses millóns, con respecto aos investimentos previstos quen pagaría os mesmos e, por último, se está pensado algún plan tipo ADO para os alumnos.

O reitor contesta que todo no que se traballa por agora son anteprojectos, a inversión prevista é de 500 millóns de euros, 300 para a vila olímpica, da mesma a universidade se quedaría con un ou dos módulos. A universidade non tería que desembolsar diñeiro. A cota de 20 millóns cubriríase con achegas externas. En relación ao grupo de traballo está formado pola vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes, o Director de Área de Estudantes, o arquitecto da universidade, e unha persoa do Servizo de Deportes, tamén hai xente do concello e o equipo contratado que ten como xefe ao Director de Marketing de Barcelona 92.

Punto 3. Aprobación se procede, da modificación das normas de xestión académica.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen expón as liñas xerais da modificación das normas de xestión académica que consta no **anexo I**.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, das prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se solicita unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Física Aplicada.. O Profesor Titular de Universidade Interino D. Fernando Lusquiños Rodríguez, acadou habilitación. Cóntase co informe favorable da COAP reunida o pasado martes 22 de abril.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede da proposta de calendario escolar de primeiro e segundo ciclo para o curso académico 2008/2009.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata de dúas propostas, unha para a modalidade A de calendario que neste momento só está vixente na Facultade de Ciencias de Ourense e outra para a modalidade B. (**Anexo II**)

As propostas son continuistas coas vixentes neste curso académico e non é necesario relatar aquí as mesmas que todos teñen en papel. Pero sinala que estas propostas de calendario foron remitidas xa con antelación á convocatoria de este Consello de Goberno aos decanos e directores de centro e que non se presentaron mais que algunhas aclaracións sobre o equilibrio entre cuatrimestres e sobre o número de días hábiles de cada un na modalidade B. En concreto, son 86 días en cada un deles.

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén o Prof. Sueiro quen sinala que, xa o ano pasado, no Consello de Goberno manifestou o seu desacordo con dúas cuestións: dun lado, o inicio do curso nun momento cando aínda os alumnos non podían estar matriculados; doutro lado, o feito de que non se suspendan a clases no período dos exames de decembro, o que fai que o mes de decembro sexa un mes no que case non se pode impartir docencia.

O Sr. Fariña pregunta por que motivo o curso académico se inicie cada vez antes e pon como exemplo que este ano é o día 8.

O reitor acláralle ao respecto que ese inicio está previsto para a modalidade A de calendario, que é optativo e neste momento só se imparte na Facultade de Ciencias de Ourense.

Continúa sinalando o Sr. Fariñas que considera escasos o días previstos para a realización de exames na convocatoria de decembro.

A secretaria xeral resposta que a propia dinámica das intervencións dos membros do Consello de Goberno deixan claro que o tema da convocatoria de decembro é un tema polémico con intervencións opostas por parte dun decano e dun representante de alumnos. Sinala que a postura que se defende é intermedia entre as dúas sinaladas.

O Prof. Muñoz pregunta si os festivos de cada centro deben celebrarse o luns ou venres mais próximo.

A secretaria xeral contesta que esa debe ser o criterio xeral a ter en conta polo centro.

Antes de proceder á votación, o reitor sinala que neste momento está sometido a debate o calendario en instancias superiores para tentar chegar a un acordo coa ensinanza secundaria e resolver todos os problemas actuais. Haberá que esperar a ver que ocorre.

Procedese á votación do calendario:

- Votos a favor da proposta: 20.
- Votos en contra: 0.
- Abstencións: 10.

Apróbase por maioría.

Punto 6. Aprobación, se procede da proposta de calendario escolar de estudos oficiais de grao e posgrao para o curso académico 2008/2009.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que este calendario é unha extensión do calendario xa aplicado o ano anterior nos posgraos oficiais. Seguidamente expón o contido fundamental do calendario que se recolle no **anexo III**.

Finalmente sinala que este calendario está harmonizado co xa aprobado na Universidade da Coruña e co que se vai aprobar mañá na Universidade de Santiago, co que o calendario sería o mesmo, o que facilitaría moito o desenvolvemento dos cursos de carácter interuniversitario.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, das propostas de títulos de grao coa adscrición ao centro ou centros da Universidade e composición das xuntas de titulacións.

Teñen sido invitados como interesados todos os decanos e directores de centros que presentan propostas de títulos.

Teñen solicitado intervir os profesores: Belén Martín Lucas e Javier Pérez Guerra, equipo directivo do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá; Velkja Ruzilcka Kenfel, representante na comisión de planos de estudos do departamento da área de Filoloxía Alemá e José Mayoralas García, representante na comisión de planos de estudos do departamento da área de Filoloxía Francesa.

Tamén teñen solicitado intervir: Javier Lorenzo Paniagua, profesor do Departamento de Organización de Empresas e Marketing e o equipo directivo da Escola Universitaria de Estudos Empresariais: Araceli González Crespán e Consuelo Currás Valle.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón as distintas propostas de cada un dos centros, tanto no que se refire ao título ou títulos de grao, como á composición das xuntas de titulación.

De todo o resumen feito fai una serie de comentarios sobre incidencias das propostas:

- Enxeñaría Forestal: debe esperar a que se aproben as órdenes ministeriais das correspondentes profesións reguladas.

As seguintes propostas supoñen cambio de título, o que pode supoñer algún tipo de discusión sobre a súa procedencia coas outras universidades e a Dirección Xeral de Universidades:

- Grao en xeografía e historia
- Grao en linguas estranxeiras
- Grao en estudos de galego e español
- Grao en xestión pública
- Grao en relacións laborais e recursos humanos

Por último, o grao en comercio considerase un título novo que pasaría a discutirse en 2010.

Quenda de intervencións:

Intervén en primeiro lugar, o Sr. Fariñas para sinalar que na composición das xuntas de titulación se entende que haberá unha representación proporcional de todos os sectores e, en coherencia con isto pregunta se as comisións de elaboración de planos de estudos que saian desta xunta tamén terían que garantir a representatividade de todos os sectores.

A vicerreitora contesta que serán as propias xuntas de titulación as que establezan as súas propias normas de funcionamento interno, sendo recomendable que se faga con esa garantía de representatividade.

O Sr. Fariñas replica que non debería ser una mera recomendación senón una directriz clara.

Debátese sobre o tema entre o Sr. Fariñas, a vicerreitora e o reitor, concluíndose finalmente que será a propia xunta de titulación a que decida.

Intervén o Prof. Sánchez, Director da Escola Universitaria de Estudos Empresariais, quen en primeiro lugar agradece ao reitor a invitación para asistir a este Consello de Goberno, e seguidamente expón a súa sorpresa pola consideración de título que se propón dende a escola coma un título novo e se fixan só no título e non no contido. Sinala que a escola leva 87 anos impartindo estudos de empresariais, mercantís e de comercio. Considera que a titulación ten boa saúde en canto cada ano sobre 200 alumnos optan pola mesma e tamén ten unha gran inserción laboral. Por este motivos dende a Escola se considera axeitado presentar una proposta de grao que despois do debate en Xunta de Escola se decidiu que fose de Grao en Comercio. Esta proposta considerouse polo equipo reitoral como titulación nova e non como transformación.

Finaliza a súa intervención con dúas conclusións para a súa consideración polo Consello de Goberno: en primeiro lugar, que non se pode dicir que o Grao en Comercio sexa un título novo porque no se falou de contidos; segundo, alega o menosprezo que a proposta

provocou e que non foi debatida na comisión de áreas. Entende que a decisión que se propón polo equipo de goberno pode supoñer a desaparición da Escola de Estudos Empresariais.

O Prof. Sueiro pon de manifesto algunhas cuestións de detalle, como é que na titulación de turismo o órgano que ten que resolver é o consello de centro. Por outra banda, pregunta, en relación ao tema dos títulos novos se o Grao en Comercio é un grao novo ou é unha transformación de título. Considera que o cambio de nome non pode ser un problema porque o propio cambio de licenciatura a grao xa é un cambio na denominación. Finalmente sinala que non ten claro cal é a proposta que fai o equipo de goberno e pregunta se o que se aprrobe aquí será defendido polo equipo na Xunta.

Intervén a Prof^a. Suárez para preguntar se no caso de mestre en educación infantil e educación primaria, onde aparece tamén o centro adscrito, se este vai participar na elaboración do plano de estudos e aínda que non participe se vai estar incluído na memoria, pese a ter unhas condicións tan diferentes. No caso de ser incluído o centro adscrito, manifesta o seu temor a ser prexudicados no proceso de verificación. Pregunta por último, se o centro adscrito será valorado igual que o resto dos centros.

O Prof. Legido pon de manifesto que a documentación aportada aos membros do Consello de Goberno non coincide coa presentada pola vicerreitora. Considera que este é un debate moi importante no que se mesturan dúas causas: dun lado que titulacións se van implantar na universidade e cando e despois como son as xuntas de titulación. Entende que se deberían manter todas as titulacións que xa existen porque os recursos humanos xa os temos, e a cuestión de se é ou non un título novo será algo que se debata coa Xunta. No relativo á elaboración do plano de estudos, considera que se está facendo un esforzo para que estean representados todos os implicados e se todo o centro está de acordo, debería aceptarse a proposta, en cambio, no relativo aos centros adscritos, debería actuarse con mais cautela.

O Prof. Pérez Losada, como Director de Departamento de Historia, Arte e Xeografía, considera que a denominación da titulación de Xeografía e Historia é para non entrar en competencia coa Universidade de Santiago, que implantará Historia. Se trata de volver ao título máis xenérico. A maiores, pregunta se o título vai quedar en suspenso posto que a información aportada polo equipo decanal do centro é que se retrasaría debido ao número de alumnos e a inexistencia de POP.

O Prof. Muñoz manifesta a súa sorpresa porque nunha universidade con perfil técnico non están os buques insignia da mesma. Mostra a súa preocupación na transformación dos títulos de Escolas Universitarias en relación á dispoñibilidade de recursos humanos suficientes, en canto nos borradores de reforma da LOU aparecía un mínimo de doutores que despois desapareceu do texto definitivo, pero sendo a filosofía da norma clara. Tamén pregunta se hai capacidade para impartir posgrao e doutoramento. No relativo ao tema da denominación e as competencias para desenvolver o título, entende que se debe ser cauteloso porque existen nomes para outro tipo de estudos, como no caso da formación profesional onde hai un título de comercio.

Intervén o Prof. Barreiro, como Director da Escola de Informática, por alusións, sinalando que en relación ás enxeñarías, a única que pode ir neste primeiro grupo é a de informática que non ten atribucións profesionais.

Resposta a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea, primeiro de xeito xeral, sinalando o esforzo feito, traballando cos centros a través dos seus equipos directivos, para chegar a acordos. Esta é a razón pola cal a documentación aportada aos membros do Consello de Goberno no é exactamente igual co presentado na sesión para a súa aprobación. De todos os xeitos, debe facerse unha distinción entre títulos e órganos colexiados de aprobación dos mesmos. No que respecta aos títulos, o listado está completo, e no relativo aos órganos colexiados se seguiu traballando cos centros despois de remitida a documentación.

A non presentación de propostas de grao de enxeñaría se xustifica polo feito de que o Ministerio non aprobou as correspondentes órdenes onde regula as profesións, como xa se sinalou, pero engade que se se aprobaran nun tempo prudencial polo Ministerio, traeríase este tema a un Consello de Goberno extraordinario.

Seguidamente, pasa a contestar a cada un dos intervintes:

Empeza respostando ao Prof. Sánchez manifestando que a diplomatura en empresariais ten un perfil académico e profesional que se transforma en Grado en ADE e calquera outra oferta tería que diferenciarse. No que respecta ao menosprezo aludido polo Prof. Sánchez sinala que non é certo e que a proposta feita pola escola foi discutida cos equipos directivos dos centros implicados.

Fronte á cuestión suscitada polo Prof. Sueiro relativa á existencia de Consello de Centro, sinala que é unha figura prevista nos Estatutos da Universidade para aqueles centros nos que non existe unha porcentaxe determinada de profesores con vinculación permanente á universidade.

Xa contestando á Prof^a Suárez en relación aos centros adscritos, manifesta que o equipo directivo do centro adscrito será invitado para participar na xunta de titulación e, en canto á incorporación do mesmo xunto cos centros propios da universidade, haberá que ver como vai evolucionando o proceso e despois se tomará unha decisión.

Recorda a vicerreitora que para cada título de grao a ANECA ten que facer a verificación e despois será necesaria a autorización da Xunta para a súa implantación. Neste punto hai un condicionante no Sistema Universitario Galego, que é o relativo á denominación dos títulos existentes. Na proposta que se fai pola Universidade de Vigo, hai denominacións que varían e isto pode supoñer un problema na dirección xeral ou, no seu caso, coas outras universidades galegas. Neste sentido, e contestando aos Profs. Legido e Pérez Losada, a proposta que se fai supón un apoio ás propostas dos centros.

Por último, resposta ao Prof. Muñoz que a suficiencia dos recursos humanos deberá ser valorada despois.

Ábrese unha segunda quenda de intervencións:

Intervén o Prof. Sánchez quen pide desculpas pola alusión ao menosprezo, en canto o mesmo se refire a unha cuestión técnica e non persoal posto que se limita ao feito da inexistencia do debate sobre o carácter de novo título.

A Prof^a. Martín, Directora do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá fai dúas preguntas en relación aos títulos que cambian de denominación fronte á actualmente existente; en primeiro lugar, cal é o significado da expresión trasladar á Xunta e, en segundo lugar, se dende o equipo de goberno se vai apoiar o título de linguas estranxeiras.

A Prof^a Garrido se suma ás palabras do Prof. Sueiro no sentido de non ter claro cal é a proposta que fai o equipo de goberno e, neste sentido pide á vicerreitora, que a clarifique. A maiores solicita información sobre a composición das xuntas de titulación, en concreto se a xunta de titulación de ADE vai sair da Xunta de Centro.

A Prof^a González Vázquez refírese tamén á composición da xunta de titulación de ADE e considera que se ten que formar de forma maioritaria con profesores da xunta dos tres centros. É partidaria do Grao en Comercio polo seu interese pero non entra a valorar se ten que ser solicitado neste momento ou en 2010.

O Prof. Sueiro reitera que non sabe que se vai votar, se comercio entra ou non e que consecuencias ten o feito de que determinados graos supoñan un cambio de denominación.

A Prof^a. Suárez solicita que se retire do cadro que vai ser aprobado a alusión ao centro adscrito, para que no apareza en pé de igualdade cos órganos propios da Universidade.

O Prof. Moreno, como Decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, aclara, en relación á composición da xunta de titulación de ADE, que estarán compostas por profesores con docencia maioritaria en ADE.

Debátese sobre o tema entre os Profs. Moreno e González Vázquez. Remata o mesmo coa intervención do reitor indicándose que é un debate interno.

Resposta a vicerreitora ás consultas feitas dende Filoloxía, en primeiro lugar, que “trasladar” significa remitir o aprobado á Dirección Xeral de Universidades para que determine o que estime oportuno. Polo tanto, as xuntas de titulación teñen que poñerse a traballar pero tamén deberán estar á expectativa do que ocorra fora da Universidade.

Tamén con carácter xeral sinala, para aclarar dúbidas, que o equipo de goberno defenderá todo o que se aprobe neste Consello de Goberno.

Por último, en relación á pregunta da Prof^a Suárez, sinala que os centros adscritos quedan fora da elaboración do plano de estudos. Porase un asterisco no cadro, de xeito que de cumprir os requisitos necesarios poderían entrar no proceso.

Intervén o reitor para sinalar que o procedente é revisar o documento para clarificar o que se vai aprobar. A maiores fai unha reflexión final, sinalando que se trata de levar a cabo unha transformación obvia da oferta actual de títulos existentes, e pon como exemplo as titulacións de informática de xestión e enxeñaría informática que converxen nun grao único de enxeñaría informática. Se aparece outro título distinto, a Universidade da Coruña non o aceptaría. A oferta se ampliará cando chegue o momento, pero non agora.

Seguidamente se revisa a proposta que se presenta, reflectida no **anexo IV**, precisando a vicerreitora que no relativo aos mestres, no que respecta ao centro adscrito, a dirección do mesmo será invitada con voz pero sen voto e cando estea acreditado o título, poderá ser implantado tamén no centro adscrito. En canto ao Grao en Comercio, debatirásese para o 2010 e o grao en enxeñaría de recursos forestais esperará ata que se aproben as órdenes ministeriales das correspondentes profesiones reguladas.

Procedese á votación da proposta presentada polo equipo de goberno (**anexo IV**):

- Votos a favor da proposta: 24.
- Votos en contra:3.
- Abstencións: 5.

Apróbase por maioría.

Punto 8. Aprobación, se procede, da Memoria 2007 da Oficina de I+D.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Investigación quen expón o contido concreto da memoria que se recolle no **anexo V**.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Proposta de nomeamento de David Casado Neira como Delegado da Universidade de Vigo na E.U. de Enfermería de Ourense.

Sinala o reitor que a anterior Delegada do reitor da Universidade na E.U. de Enfermería de Ourense presentou a súa renuncia ao cargo debido a incompatibilidade para poder asumir o cargo de vicedecana na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.

En cumprimento do artigo 24 do Regulamento de centros adscritos, o reitor propón ao Consello de Goberno a David Casado Neira, Prof. Contratado Doutor da área de Socioloxía (Departamento de Socioloxía, Ciencias Políticas da Administración e Filosofía), como novo delegado do reitor no centro adscrito.

O prof. Berrocal pregunta sobre a súa formación. O reitor resposta que é sociólogo.

Intervén o Prof. Membiela para sinalar que ten traballado no ámbito da saúde.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, da designación de representantes da Universidade no Consello de Administración de Cidade Universitaria, S.A.

Sinala o reitor que no consello de administración é necesario cubrir dúas prazas que deixan vacantes: o Prof. Xosé Carlos Arias, que presenta a súa renuncia por motivos persoais, e o ex Xerente da Universidade, o Sr. Antón Vidal.

A proposta que se fai é a designación da secretaria xeral da Universidade e da xerente.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Análise e Intervención Psicoeducativa.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que o Regulamento conta co informe favorable de Asesoría Xurídica foi revisado polo servizo de normalización lingüística.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o curso académico 2008-2009.

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes quen expón o contido concreto da convocatoria de prazas e bolsas, que é continuista coa anterior e que se recolle no **anexo VI**. Documento aprobado pola comisión de Extensión Universitaria e Estudantes. Sinala a maiores que o baremo para a adxudicación de prazas e para adxudicar as axudas de cada un dos tipos ten unha parte académica, que no cambia e outra económica, que no é que cambie, pero como está vinculada a un parámetro de renda persoal dispoñible que se calcula a partir dos umbrais de renda que establece o real decreto do Ministerio de Ciencia e Innovación, aínda sen publicar a día de hoxe. Solicita que se delegue na vicerreitora o cálculo deses niveis, unha vez que o Ministerio de Ciencia e Innovación publique os umbrais de renda para as axudas ao estudo.

Intervén o Sr. Fariñas para preguntar en relación ao prezo da matrícula para os novos residentes e aos antigos, por que se cobra mais aos alumnos de Vigo que aos de Ourense.

A vicerreitora resposta que a xestión administrativa non é competencia da Universidade de Vigo e responderá nunha reunión posterior.

O Sr. Fariñas continúa sinalando que é excesivo cobrar fianza de dúas mensualidades e que, en canto á devolución da mesma, se exceptúa que o estudante abandone. Neste punto entende que debería darse alternativa ao estudante, por exemplo, atopar outro estudante que o substitúa. Deste xeito non se provoca prexuízo á empresa.

A vicerreitora resposta que o que se plasma aquí son cuestións xerais de contratos. Dende a Vicerreitoría poderíase facer a labor de intermediar para mellorar as condicións dos alumnos.

O Sr. Fariña pregunta si se presentou como unha proposta para o futuro.

A vicerreitora resposta que efectivamente se farán os trámites e estudos necesarios sobre o tema.

Continúa o Sr. Fariña manifestando que non entende o tema do pago de 10 meses dividido en 9 mensualidades.

Debátese sobre o tema entre a vicerreitora e o Sr. Fariñas.

Seguidamente fala o Sr. Fariñas do prezo excesivo das prazas e a escasa contía das bolsas, solicitando que se faga un maior esforzo por parte da universidade. Tamén se refire á forma de distribución dos cuartos e as posibilidades que ten a empresa de cambiar aos alumnos de cuarto, manifestando que a residencia non pode estar causando prexuízos aos alumnos co cambio.

Aclara a vicerreitora que a convocatoria de axudas é propia da Universidade de Vigo a maiores doutras axudas da Xunta e o Ministerio.

O Sr. Méndez en relación ás axudas deste ano fronte ao ano anterior pregunta polo número de bolsas e tamén pola contía.

A vicerreitora contesta que a contía é maior pero non se subiu o numero de bolsas.

O Sr. Méndez pide un esforzo maior a este respecto.

O Prof. Mejuto sobre o problema da contía das bolsas refírese á incompatibilidades entre bolsas do Ministerio e residencia, sinalando que na Universidade de Santiago se establecía en función da contía para que fose compatible coa do Ministerio e houbo que facer moitas contas. Por iso se fixo nesa contía e sen facer aumentos para evitar a incompatibilidade.

A Sra. Araújo engade ao xa subscrito que o incremento das bolsas é pequeno fronte ao que sube en xeral o nivel de vida. Reitera que se faga un esforzo na contía e no número de bolsas.

A vicerreitora agradece as intervencións.

O reitor engade que se poderá chegar a un acordo para que as bolsas se aumenten para as rendas mais baixas ata alcanzar o 50% do importe do aloxamento, sempre que ese acordo non prexudique ao posible receptor, senón quedaríase no tope posible para evitar a incompatibilidade.

Apróbase a convocatoria de bolsas con ese encargo á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes.

Punto 13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Coruña para o

desenvolvemento dun proxecto de información e difusión académica destinado ás colectividades de galegos residentes no exterior – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia – Convenio de colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica, a Asociación Impulsora do Plan Ferrol, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o fomento da creatividade aplicada – Convenio de colaboración coa Universidade Complutense de Madrid para acceder as convocatorias do Real Colexio Complutense – Acordo de colaboración coas universidades de Oviedo, Illes Balears, Alacante, Girona, Rovira y Virgili, Zaragoza, La Laguna, Sevilla, Málaga, Santiago de Compostela, A Coruña, Barcelona e Valencia para constituír una rede universitaria para a cooperación no proceso de adaptación ao espazo europeo de educación superior no ámbito dos estudos oficiais de posgrao – Convenio específico de colaboración co Instituto Profesional La Araucana (Chile) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración coa Escola de Administración e Mercadotecnia-EAM (Colombia) – Acordo Institucional de Cooperación co Instituto Tecnolóxico e de Estudos Superiores de Monterrey (México) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Tecnolóxica de Honduras.

Apróbanse por asentimento.

Punto 14. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (1 estudante e 1 membro do Consello Social), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 membro do Consello Social), Comisión de Organización Académica e Profesorado (1 membro do Consello Social) e Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (1 membro do Consello Social)*.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que nas Comisións de Extensión Universitaria e Estudantes, Investigación e de Organización Académica e Profesorado, tense presentado tantos candidatos como postos no sector de representación do Consello Social, o que fai innecesaria a elección.

Os novos representantes do Consello Social son os seguintes:

- Na Comisión de Investigación: Laura López Atrio.
- Na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: Margarita Castejón García.
- Na Comisión de Organización Académica e Profesorado: Federico Pérez Mato.

Queda unha praza vacante na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos por ese sector.

No que respecta á praza vacante polo sector de estudantes na Comisión de Investigación, non hai ningún candidato presentado.

Punto 15. Rogos e preguntas.

O Sr. Méndez pregunta pola postura da Universidade de Vigo en relación á subida das taxas académicas.

O reitor resposta que ao respecto debe facerse mención de varias cuestións: a renda, a redistribución e o sistema universitario galego.

Con respecto á renda, trátase dun instrumento que trata de compensar a situación económica, de xeito que nos momentos de redución de crecemento, as rendas que soben son as baixas. O sistema de ordenación universitaria actúa aquí de compensador, así sería responsable que por razón de renda se pedise a limitación na subida das taxas durante un tempo: que en 2 ou 3 anos non suban mais alá do 50% do IPC.

En relación á redistribución, debe terse en conta que o orzamento da universidade só se financia por taxas nun 8%. O reitor plantexa por que non se fai aporte de pago de taxas por tramos ou escalóns. Deste xeito as rendas altas pagarían un 20 % ou un 30 % adicional.

Por último, no que respecta ao sistema universitario galego, debería incrementarse o financiamento público.

Intervén a Sra. Araujo quen pregunta se o exposto é unha opinión persoal. Ao que o reitor reposta que está contestando a título persoal.

O Sr. Méndez pregunta se a curto prazo está a favor da conxelación.

O reitor resposta que non, que non lle gusta un enunciado xeral que é discriminatorio, pero que se podería propor que as taxas non suban mais dun 50% da subida do IPC, pero a maiores que se traballe sobre o exposto anteriormente.

O Sr. Fariñas comparte a idea o reitor e considera que esta pode ser unha proposta de Consello de Goberno.

O reitor manifesta que lle gustaría coñecer a opinión dos restantes membros do Consello de Goberno.

O Sr. Sueiro considera que hai moitas maneiras de escapar da renda e ademais que as rendas altas se irían ás universidades privadas e se perderían ingresos. Apoia a idea de estudar o tema.

Na súa intervención o Sr. Sueiro da os seus parabéns á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea pola súa labor e resalta o nivel de transparencia do proceso e o esforzo feito para xuntar vontades.

Refírese tamén ao botellón e manifesta o seu desagrado pola celebración de San Pepe e mantén que se debería prohibir o botellón para mellorar a convivencia e a imaxe da universidade.

O reitor reposta que o venres houbo unha reunión cos directores das Escolas Técnicas Superiores de Enxeñeiros de Telecomunicación e Industriais, para falar deste tema con calma e para tratar de convencer e achegar datos de que estas festas se foron das mans dos centros, dos estudantes e dos campus, con dous efectos: un efecto demanda, de xeito que na última celebración había máis alumnos menores que universitarios; como segundo efecto, que todos os alumnos queren ir a ese modelo. Os directores de centro e os vicerreitores teñen o encargo de falar cos representantes de alumnos para convencernos todos.

O prof. Berrocal, na liña do reitor, no relativo ás taxas, considera que se debe estudar o tema e traer un punto ao Consello de Goberno tendo en conta o orzamento.

O reitor propón traer una proposta ao seguinte Consello de Goberno.

O Prof. Berrocal, sinala que se votou en contra das titulacións porque se fai unha foto parcial do panorama global e iso xera confusión, por iso roga un debate global das titulacións para evitar as incertidumes e permitir a participación de toda a comunidade universitaria.

O reitor contesta que todos os decanos participaron nas reunións de ámbito e eles deberían informar aos centros. Entende que para debater sobre o conxunto da oferta da universidade sobre titulacións, sería necesario resolver previamente o tema das transformacións das titulacións actuais. Polo tanto, entende que o debate sería bo pero una vez resolta a transformación.

Insiste o Prof. Berrocal que resolver primeiro a transformación xera incertidumes e tensións.

Seguidamente, pregunta sobre os representantes na Fundación UVIGO e sobre a renovación dos membros.

O vicerreitor de Planificación contesta que os representantes natos son vicerreitores e os electos entende que son empresas que van pagar cotas. Polo tanto a designación non é nominal senón que é por cargo.

O Prof. Pereira pregunta pola utilización de recursos por parte dos membros da comunidade universitaria, en concreto se poden ser utilizadas as aulas do Edificio Fundación.

O vicerreitor de Planificación contesta que a utilización das aulas depende do director da Escola de Enxeñeiros Industriais.

O Sr. Fariñas felicita ao reitor pola proposta presentada en relación ás taxas e ao vicerreitor de Relacións Institucionais e ao director de Área de Imaxe polo esforzo no forum Orienta. Tamén agradece ao vicerreitor do Campus de Ourense as xestións feitas co gabinete psicopedagóxico no campus de Ourense.

Seguidamente fai un rogo ao vicerreitor de Relacións Institucionais para que se permita que os alumnos estranxeiros cando cheguen á nosa universidade se lles permita aloxarse nas residencias universitarias na última semana de agosto para que poidan buscar o seu aloxamento definitivo.

O vicerreitor de Relacións Institucionais contesta que dende a Oficina de Relacións Internacionais se axuda aos alumnos a buscar aloxamento antes de que cheguen. A maiores esta medida chocaría con outros eventos da Deputación de Ourense. De todos os xeitos estudarás o tema.

O Sr. Fariñas continúa coa petición de que se comunique a través de SMS da universidade os actos do campus de Ourense, así como que se estude a viabilidade de crear a opción de enviar as notas por SMS aos alumnos. Roga tamén que se axilice o tema dos novos bolseiros da aula de informática.

O vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade estudarás o tema.

O Prof. Muñoz felicita ao equipo de goberno pola boa imaxe dada no forum Orienta e roga que a Universidade no que se refire ás competencias de dominio de lingua estranxeira, inicie os estudos necesarios para desenvolver a competencia. A maiores se refire á insuficiencia da estrutura de bolseiros para as aulas de informática, e considera a necesidade de profesionalización para garantir o funcionamento.

O reitor contesta que iso é complicado e adianta que se van descentralizar as bolsas e, por outra banda, se incorporarán competencias básicas de informática ao persoal de administración e servizos.

Con respecto ao tema do inglés, o vicerreitor de Relaciones Institucionais sinala que as primeiras medidas serán cos másters e despois se continuará con outras.

A Sra. Araujo reitera o seu rogo en relación á necesidade de adoptar medidas sobre o deterioro progresivo das pasarelas.

O Vicerreitor de Planificación contesta que está o proxecto feito.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:35 horas do día 28 de abril de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O reitor



Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral



Esther M^a González Pillado